



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 224
29 de xullo de 2025



CSV: BOPGDSPG-dCupU083k-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.9. Límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma

■ Resolución da Presidencia, do 29 de xullo de 2025, pola que se admite a trámite, polo procedemento de urxencia, o escrito remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, polo que comunica a inclusión no orde do día do próximo Consello da Xunta de Galicia, para a súa aprobación, do proxecto de acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026 e solicita a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno (doc. núm. 29710) [95491](#)

■ Resolución da Presidencia, do 29 de xullo de 2025, pola que se admite a trámite, polo procedemento de urxencia, o escrito remitido polos 40 deputadas e deputados do G. P. Popular de Galicia polo que solicitan unha sesión extraordinaria do Pleno (doc. núm. 29724) [95492](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.9. Límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma

Resolución da Presidencia, do 29 de xullo de 2025, pola que se admite a trámite, polo procedemento de urxencia, o escrito remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, polo que comunica a inclusión no orde do día do próximo Consello da Xunta de Galicia, para a súa aprobación, do proxecto de acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026 e solicita a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno (doc. núm. 29710)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 29710, o escrito remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que comunica a inclusión no orde do día do próximo Consello da Xunta de Galicia, para a súa aprobación, do proxecto de acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira e solicita, ao abeiro do disposto no artigo 67 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno.

Igualmente, solicita a tramitación polo procedemento de urxencia, de conformidade co previsto no artigo 98.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1º. Cualificar e admitir a trámite, polo procedemento de urxencia, o escrito doc. núm. 29710, remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, polo que se comunica a inclusión na orde do día do vindeiro Consello da Xunta de Galicia, para a súa aprobación, do proxecto de acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2º. Admitir a trámite, polo procedemento de urxencia, a solicitude de celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno, formulada ao abeiro do previsto no artigo 67 do Regulamento do Parlamento de Galicia, na que a orde do día que se debata sexa a que segue:

Punto único. Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.



3º. Trasladar este acordo á Xunta de Portavoces e aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

4º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 29 de xullo de 2025, pola que se admite a trámite, polo procedemento de urxencia, o escrito remitido polos 40 deputadas e deputados do G. P. Popular de Galicia polo que solicitan unha sesión extraordinaria do Pleno (doc. núm. 29724)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 29724, o escrito remitido polos 40 deputadas e deputados do G. P. Popular de Galicia polo que solicitan unha sesión extraordinaria do Pleno para o debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Igualmente, solicitan a tramitación polo procedemento de urxencia, de conformidade co previsto no artigo 98.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1º. Cualificar e admitir a trámite, polo procedemento de urxencia, o escrito doc. núm. 29724 remitido polos 40 deputadas e deputados do G.P. Popular de Galicia.

2º. Trasladar este acordo á Xunta de Portavoces e aos portavoces dos grupos parlamentarios e á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Asunto: Solicitude de celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno

Convocada a reunión da Comisión de Secretarios e téndose acordado na mesma a inclusión na orde do día do próximo Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación, o proxecto de acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ao abeiro do disposto nos artigos 67 e 98.1 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia **solicita a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno que se tramite polo procedemento de urxencia, de conformidade cos devanditos artigos**, na que a orde do día a debater sexa a que segue:

- Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Asemade, comunícaselle que o certificado do acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026 e o informe de estratexia financeiro-fiscal, remitiráselle unha vez se celebre o Consello da Xunta.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 9:52:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 09:52:45
Nº Rexistro: 29710
Data envío: 29/07/2025 09:52:45.081

CSV: BOPGDSPG-dCupU083k-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** abaixo asinantes, ao abeiro do disposto nos artigos 53, 67 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, solicitan a celebración dunha **sesión extraordinaria do Pleno** coa seguinte orde do día:

- Debate e votación do límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026 ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

Asemade, solicitamos que este asunto se tramite polo procedemento de **urxencia**, de conformidade co previsto no artigo 98.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alfonso Rueda Valenzuela na data 29/07/2025 9:39:40
Miguel Ángel Santalices Vieira na data 29/07/2025 9:40:12
Alberto Pazos Couñago na data 29/07/2025 9:40:28
Paula Prado del Rio na data 29/07/2025 9:40:41
Julio García Comesaña na data 29/07/2025 9:40:52
Cristina Sanz Arias na data 29/07/2025 9:41:03
María Encarnación Amigo Díaz na data 29/07/2025 9:41:31
Raquel Arias Rodríguez na data 29/07/2025 9:41:44
Víctor Baladrón Lamas na data 29/07/2025 9:42:10
Enrique Barreiro Sánchez na data 29/07/2025 9:42:34
Diego Calvo Pouso na data 29/07/2025 9:42:44
Cristina Campero Dorado na data 29/07/2025 9:43:00
Elena Candia López na data 29/07/2025 9:43:14
Juan Manuel Casares Gándara na data 29/07/2025 9:43:26
María Deza Martínez na data 29/07/2025 9:43:36
Jesús María Fernández Rosende na data 29/07/2025 9:44:00
José Luis Ferro Iglesias na data 29/07/2025 9:44:30
Miguel Fidalgo Iglesias na data 29/07/2025 9:52:53
Patricia García González na data 29/07/2025 9:54:22
Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/07/2025 9:55:19
Rubén Lorenzo Gómez na data 29/07/2025 9:56:27
Argimiro Marnotes Fernández na data 29/07/2025 9:58:42
José Mato Díaz na data 29/07/2025 9:59:08
Paula Mouzo Mas na data 29/07/2025 9:59:16
Noelia Pérez López na data 29/07/2025 9:59:25
Maria Magdalena Perez Millares na data 29/07/2025 9:59:32
Carmen Pomar Tojo na data 29/07/2025 9:59:54
Roberto Rodríguez Martínez na data 29/07/2025 10:00:04
Ángel Rodríguez Conde na data 29/07/2025 10:00:13
Román Rodríguez González na data 29/07/2025 10:00:42
María Felisa Rodriguez Carrera na data 29/07/2025 10:00:52
Raúl Santamaría González na data 29/07/2025 10:01:44
Manuel Santos Costa na data 29/07/2025 10:03:19
Gonzalo Trenor López na data 29/07/2025 10:03:35
Katherinie Varela Fernández na data 29/07/2025 10:03:44
Ethel Vázquez Mourelle na data 29/07/2025 10:03:52
Cecilia Vázquez Suárez na data 29/07/2025 10:04:04
Borja Vereas Fraiz na data 29/07/2025 10:04:32
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 29/07/2025 10:04:46
Nicole Grueira Fernández na data 29/07/2025 10:07:13



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2025 10:11:35
Nº Rexistro: 29724
Data envío: 29/07/2025 10:11:35.624

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/07/2025 10:11:36

CSV: BOPGDSPG-dCupU083k-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

